

MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, CONCELEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO,

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local, na sesión ORDINARIA celebrada o oito de xaneiro de dous mil dezaseis, adoptou o seguinte acordo:

5/5 PRÓRROGA POLO PRAZO DE UN ANO DO CONTRATO DO CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE COORDINACION E DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES NOS CENTROS MUNICIPAIS CASA DA XUVENTUDE E CASA DA MUSICA DE O 10 DE XANEIRO DE 2016 ATA O 9 DE XANEIRO DE 2017.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta do Xefe de Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, do 5 de xaneiro de 2016 que, na súa parte expositiva, fai constar:

“Examinado o expediente de referencia e vistos os seguintes:

Primeiro.- Contrato administrativo asinado en data 10 de xaneiro de dous mil trece coa mercantil ALENTI, SOLUCIONES PARA EVENTOS, S.L para a prestación do SERVIZO DE COORDINACION E DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES NOS CENTROS MUNICIPAIS CASA DA XUVENTUDE E CASA DA MUSICA por un prezo para a primeira anualidade de 55.430,00 euros, máis o 10% de IVE (5.543,00 euros) resultando un importe total ofertado de 60.973,00 euros/anuais (incluídos os 3.000 euros correspondentes ó gasto de material que debe suministrar a empresa). A duración do contrato é de DOUS ANOS, contados a partires da formalización do contrato administrativo, podendo ser obxecto de prórroga por mutuo acordo das partes por un período máximo anual, sen que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas poida exceder de CATRO ANOS.

Segundo.- Solicitud presentada o 11/12/15 pola empresa de prórroga do contrato.

Terceiro.- Informe da funcionaria adscrita a Xuventude de data 21 de decembro de 2014 favorable á prórroga xa que os traballos son satisfactorios e que se cumpriron as melloras ofertadas.



Cuarta.- Informe da técnico de Xestión de Intervención de data 22 de decembro de 2015 que á vista dunha previsión do IPC do 0,00 % (mentres non se coñeza o IPC intermanual real) calcula o custo máximo estimado dende o 10 de xaneiro de 2016 ata o 9 de xaneiro de 2017 que ascende a 60.608,89 euros IVE incluído.

Quinta.- Mandamento contable de data 22 de decembro de 2015 por un importe de 60.608,89 euros (RCFUT 106864) con cargo á aplicación 33430.22799.

Sexta.- Certificacións positivas da AEAT, Seguridade Social e do Concello de Lugo de non ter débedas.

Oitavo.- Informe-proposta do servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento de data 23 de decembro de 2105

Noveno.- Certificación de consignación na aplicación 33430.22799 para o Presuposto municipal de 2016 por importe de 60.608,89 euros (RC 1446/16)



ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 16x010050005

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 8-1-2015

Visto que o contrato vence o vindeiro día 10 de xaneiro de 2016 deberá procurarse que o acordo municipal correspondente se adopte con anterioridade a esta data."

A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, con base na proposta do referido servizo conformada polo Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Medio Medio Rural e Deportes, en substitución da Ilma. Sra. Tenenta de Alcalde Delegada da área respectiva, e por unanimidade dos seguintes asistentes: Excm. Sra. D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta do Concello de Lugo (Grupo Municipal Socialista -GMS-); Ilmo. Sr. D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Medio Rural e Deportes (GMS); Ilma. Sra. D.^a MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua (GMS); Ilma. Sra. D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Benestar Social, Igualdade e Inclusión (GMS); Ilmo. Sr. D. XOSÉ DANIEL PIÑEIRO VILLARES, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Desenvolvemento Sostible e Persoal (GMS) e a Ilma. Sra. D.^a ROSANA RIELO ROZAS, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Concello e Cidadanía, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Prorrogar o contrato administrativo suscrito por este Concello e a mercantil ALENTI, SOLUCIONES PARA EVENTOS, S.L para a prestación do SERVIZO DE COORDINACION E DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES NOS CENTROS MUNICIPAIS CASA DA XUVENTUDE E CASA DA MUSICA polo prazo dun ano contado dende o 10 de xaneiro de 2016 ata o 9 de xaneiro de 2017 en base aos informes técnicos e xurídicos anteriormente mencionados e que se dan por transcritos a efectos da súa fundamentación, con estricta suxeición ao prego de condicións técnicas e económico administrativas particulares aprobados pola Administración municipal, contrato suscrito e demais documentos contractuais.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto de 60.608,89 euros IVE incluído con cargo á aplicación orzamentaria 33430.22799 (RC 1446/16)

TERCEIRO.- Dar traslado da presente resolución, a cal pon fin á vía administrativa, ás partes interesadas e demais dependencias municipais afectadas. Contra dita resolución caberá a interposición dos seguintes recursos:

- Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ao da notificación do presente acto.

- Malia o anterior, e con carácter previo, poderá interpoñerse o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo



común, ante a Xunta de Goberno Local, no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ao da notificación do presente acto.

E para que así conste no expediente, coa expresa advertencia prevista no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais de que a acta da sesión na que foi adoptado o acordo transcrito aínda non foi aprobada, e a reserva dos termos que resulten da aprobación desta, expídese esta certificación de orde da Excma. Sra. Alcaldesa, dona Lara Méndez López, coa súa sinatura e a do Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.



